



Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, pola quenda de promoción interna, convocadas por resolución reitoral de 12 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 16, de 23 de xaneiro de 2024)

**SEGUNDO EXERCICIO. SUPOSTO PRÁCTICO**  
**BLOQUE II: XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA**  
**VERSIÓN EN GALEGO**

## **BLOQUE II**

### **XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA**

O orzamento da USC para o exercicio 2025 apróbase o 15 de decembro de 2024. No orzamento 2025 están incluídas as seguintes partidas para gastos da Xerencia da USC (código orgánico 8075):

Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos 8075-4000-22000-Gastos correntes-5.000.000,00

Capítulo IV: Transferencias correntes

8075-4000- 41000 Transferencias correntes 1.000.000,00

Capítulo VI: Investimentos reais

8075-4000-62600-Obras de reforma, acondicionamento e mellora-1.000.000,00

No mes de abril apréciase a necesidade de realizar unha obra na Facultade de Química para o illamento da fachada. O valor estimado desta obra é de 125.000,00 euros IVE non incluído. O contrato é adxudicado á empresa Reformas CIL, S.A. por un importe de 120.000,00 euros e publicado no Perfil do contratante da USC.

1. Cando debe aprobarse o novo orzamento de 2025 para evitar prorrogar o de 2024?
  - a) Antes do 1 de xaneiro de 2025.
  - b) O 15 de decembro de 2024.
  - c) O 30 de outubro de 2024.
  
2. Como debe ser o orzamento da universidade segundo o artigo 170 dos seus Estatutos?
  - a) equilibrado e desagregado.
  - b) público, único e equilibrado.
  - c) único, equilibrado e privado.

3. Segundo o establecido nos Estatutos da USC, a competencia para aprobar as liñas xerais do orzamento da USC corresponde á:
- a) Consello da Xunta.
  - b) Claustro Universitario da USC.
  - c) Consello de Goberno da USC.
4. Conforme o establecido no artigo 172 dos Estatutos da USC, cal destes recursos non figura no estado de ingresos da USC?
- a) taxas e prezos públicos.
  - b) transferencias fixadas anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.
  - c) Impostos.
5. Que fase de execución do orzamento de gastos correspondería contabilizar coa licitación do contrato?
- a) Fase de recoñecemento da obriga, porque a prestación está realizada e xustificada adecuadamente.
  - b) Fase de autorización de gasto, porque se coñece o importe aproximado do contrato pero non o adxudicatario.
  - c) Fase de disposición de gasto, porque se coñece o importe certo do contrato e a identidade do proveedor.
6. En que capítulo deberemos imputar a obra de reforma?
- a) Capítulo IV, transferencias correntes.
  - b) Capítulo II, gastos correntes.
  - c) Capítulo VI, investimentos reais
7. Conforme o establecido nos Estatutos da USC, que órgano é competente para autorizar as transferencias de crédito entre as partidas dos capítulos de operacións correntes?
- a) Reitor.
  - b) Consello de Goberno.
  - c) Consello Social.

8. Que tipo de contrato administrativo sería a adquisición de mesas para dependencias administrativas da USC?
- a) Contrato de obras.
  - b) Contrato de subministracións.
  - c) Contrato de servizos.
9. Que procedemento de adxudicación procede no contrato desta obra?
- a) Procedemento aberto.
  - b) Contrato menor.
  - c) Contrato privado.
10. Segundo o establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, remitirase ao Parlamento de Galicia antes de:
- a) 1 de xaneiro.
  - b) 30 de agosto.
  - c) 20 de outubro.
11. Segundo o establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, si a USC debe realizar un gasto con cargo ao orzamento, que non pode demorarse para o seguinte exercicio e para o que non existe crédito no orzamento vixente, a modificación orzamentaria que procede é:
- a) Xeración de crédito.
  - b) Suplemento de crédito.
  - c) Crédito extraordinario.
12. Conforme o establecido no artigo 63 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Xunta de Galicia, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá, de forma excepcional, conceder anticipos de Tesourería para atender gastos inaprazables ata un límite de:

- a) 2% dos créditos autorizados na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- b) 4% dos créditos autorizados na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) 5% dos créditos autorizados na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

13. Cal das seguintes é unha norma aplicable para determinar a competencia dos órganos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) na aprobación do orzamento?

- a) A Lei xeral orzamentaria.
- b) Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
- c) A Lei de bases de Réxime Local.

14. Segundo os Estatutos da USC, o recurso administrativo que procedería para a impugnación do acordo dun Consello de Departamento sería:

- a) Recurso contencioso-administrativo.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso extraordinario de revisión.

15. Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que requisito é indispensable para que unha notificación electrónica realizada pola USC sexa considerada válida?

- a) Que o destinatario teña proporcionado previamente a súa dirección de correo electrónico persoal.
- b) Que o destinatario dera o seu consentimento expreso para recibir notificacións electrónicas, ou estea obrigado pola normativa.
- c) Que a notificación electrónica sexa enviada a calquera dispositivo móbil do destinatario.

## PREGUNTAS DE RESERVA

1. No contexto da licitación pública realizada pola USC, que determina a Lei 39/2015 sobre a condición dos interesados no procedemento administrativo?
  - a) Que só as persoas físicas poidan ser interesadas nun procedemento administrativo, excluindo ás persoas xurídicas.
  - b) Que os interesados nun procedemento administrativo poidan ser tanto persoas físicas como xurídicas, e a súa condición baséase no feito de que teñan un interese lexítimo no procedemento.
  - c) Que os interesados nun procedemento administrativo deben ser unicamente aquelas persoas que iniciaron o procedemento, sen considerar a outras partes que poidan verse afectadas.
  
2. Cal sería unha causa de abstención dun membro da Mesa de Contratación que regula a Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público:
  - a) Ter parentesco ou afinidade en terceiro grado do titular dunha empresa presentada nunha licitación pública.
  - b) Non hai causas de abstención entre os membros dun órgano colexiado.
  - c) Ser administrador dunha empresa que se presenta a unha licitación pública.
  
3. Conforme o establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, non estarán integrados nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia:
  - a) Os orzamentos dos organismos autónomos.
  - b) Os orzamentos das universidades galegas.
  - c) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.